

Martes, 13 de outubro de 2020

Núm. 197

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **TUI**

#### **Persoal, oposicións**

*CONVOCATORIA PROCESO DE SELECCIÓN PARA NOMEAMENTO INTERINO PRAZA  
TÉCNICO XESTIÓN (A2) E FORMACIÓN LISTA DE RESERVA*

*PROCESO DE SELECCIÓN PARA NOMEAMENTO INTERINO DE TÉCNICO DE XESTIÓN CON  
FORMACIÓN LISTA DE RESERVA*

#### **CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A COBERTURA INTERINA DA PRAZA DE TÉCNICO DE XESTIÓN GRUPO A, SUBGRUPO A-2 E CONSTITUCIÓN DE LISTA DE RESERVA, PROCESO EXPEDIENTE 406/2020**

Con data 17/03/2020, aprobáronse, por Resolución da Concellaría delegada de persoal, as Bases de selección para a cobertura interina da praza de técnico de xestión, grupo A, subgrupo A-2 e constitución de lista de reserva.

Mediante Resolución da Concellaría delegada de persoal de data 05/10/2020 se modificou o artigo 5 da bases anteriores e se volveu convocar o proceso selectivo dado que o anterior foi declarado deserto por acta do tribunal avaliador de data 21/09/2020.

As instancias polas que se solicita formar parte no proceso selectivo, dirixiranse ó alcalde do Concello, e poderán presentarse por calquera medio previsto no artigo 16.4º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín oficial da provincia de Pontevedra

As bases íntegras, publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (<http://concellotui.sedelectronica.gal> ) e na súa páxina web, [www.tui.gal](http://www.tui.gal).

O Concelleiro delegado de persoal, José Ramón Magán Rivera.

Tui, á data da sinatura dixital á marxe.

